



**PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE TRANSPORTE MARÍTIMO COLECTIVO DE PASAXEIROS PARA ACCESO DE VISITANTES A ILLA DE SAN SIMÓN (REDONDELA)**

**1 OBXECTO DA CONTRATACIÓN**

O presente prego ten por obxecto definir as condicións técnicas e funcionais que se deberán levar a cabo na prestación do servizo de transporte marítimo colectivo de pasaxeiros cara a illa de San Simón, ubicada en Redondela (provincia de Pontevedra). A contratación busca satisfacer as necesidades da Fundación para ter un sistema de transporte marítimo colectivo que permita o acceso controlado de persoas cara a illa de San Simón, para a súa visita ao recinto ou a súa participación en diversas actividades de carácter sociocultural.

Este transporte haberase de ofrecer en condicións técnicas que garantan a debida protección das persoas transportadas, a protección do ambiente e o normal desenvolvemento das actividades que teñan lugar na illa.

O servizo será prestado por unha empresa legalmente constituída e habilitada para poder realizar transporte marítimo deste carácter e neste lugar, na forma e polo período de tempo que máis adiante se especificará, quen levará a cabo a prestación con arranxo ó previsto no presente prego de prescricións técnicas e en aplicación da lexislación vixente que regula estes servizos.

**2. PERSOAL DO SERVIZO, PERÍODO DE TEMPO E HORARIO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO**

O adxudicatario deberá poñer a disposición deste servizo a tripulación que legalmente corresponda ás características da embarcación e o servizo de transporte que se require, así como calquera outro recurso humano que se considere necesario para o desenvolvemento da actividade contratada con arranxo á lexislación e as condicións dos pregos de cláusulas administrativas particulares que regulan este proceso de contratación.



En todo caso o conxunto do persoal que se poña ao servizo haberá de estar capacitado e en disposición de realizar o conxunto de tarefas que supón a prestación deste servizo en todos os seus extremos, moi especialmente polo que se refere á navegación, entrada e saída de pasaxeiros e mantemento en boas condicións de uso da embarcación (limpeza, seguridade, etc.).

A prestación do servizo realizarase desde o día seguinte ao asinamento do contrato ata o 31 de decembro de 2008.

Os horarios de prestación do servizo polo persoal que o contratista achegue adecuaranse ás características das actividades a realizar, e polo que se refere ás tarefas de embarque e transporte, estarán de acordo ao que se expón a seguir nas especificacións técnicas do servizo.

### **3. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DO SERVIZO**

#### **3.1 CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO:**

O servizo deberá permitir o transporte marítimo colectivo de persoas á illa de San Simón de cando menos 80 pasaxeiros por cada viaxe, sendo a cantidade máxima que se poida transportar en cada viaxe a que ofrezca a embarcación ou embarcacións que realicen o servizo de acordo á súa capacidade establecida.

O transporte efectuarase normalmente entre o peirao oeste da Illa de San Simón e o porto pesqueiro de Cesantes (Redondela), de onde as viaxes partirán sempre que as situacións de maré non obriguen durante varias horas a suspender o servizo por problemas de calado. Neste caso a Fundación poderá solicitar á empresa contratada a prestación do servizo desde o porto de San Adrián de Cobres nos momentos da baixa mar ou durante toda a xornada de transporte.

Sexa cal sexa a procedencia do barco considerarase sempre a San Simón como lugar de destino das viaxes. A cada viaxe de ida deberá corresponder unha viaxe de volta que garanta a devolución das persoas que visitan a illa ao seu punto de saída.

Cando por razóns de mareas baixas sexa necesario e cando excepcionalmente sexa de interese por razóns de accesibilidade, a Fundación poderá solicitar a prestación de transporte entre o



Porto de San Adrián de Cobres (Vilaboa) e San Simón, en substitución das viaxes entre o porto de Cesantes (Redondela) e San Simón.

As formas de traslado á illa poderán ser de dous tipos:

- a) Transporte de ida e volta na que a cada viaxe de ida con pasaxeiros correspóndelle unha viaxe de retorno na que tamén veñen pasaxeiros. Neste caso todas as viaxes de ida e volta levan pasaxeiros. Como mínimo, un 70 % das viaxes corresponderán a esta modalidade.
- b) Transporte de ida e volta na que primeiro teñen lugar unha serie de viaxes para levar pasaxeiros á illa, o que obriga a retornar ao porto de saída sen pasaxeiros. Posteriormente teñen lugar outra serie de viaxes de volta desde o peirao da illa que teñen como obxectivo devolver aos pasaxeiros que se encontran na illa ao seu lugar de saída. Como máximo un 30 % das viaxes corresponderán a esta modalidade.

O servizo de transporte empregárase para as seguintes actividades:

- a) Transporte de pasaxeiros en xornadas de apertura do recinto a visitas, ben para o transporte de cidadáns por libre ou grupos organizados previa reserva.
- b) Transporte de escolares e ensinantes para a realización de visitas ao conxunto e a realización dunha serie de actividades no recinto.
- c) Transporte de pasaxeiros participantes naquelas actividades que organice a Fundación ou nas que esta colabore con outras entidades ofrecendo a prestación gratuita deste servizo.
- d) Transporte de materiais que se precisen nas illas, con carácter excepcional e de acordo ás posibilidades da embarcación.

O servizo a prestar garantirá 85 xornadas de transporte marítimo cara a illa de San Simón.



Entendese por xornada de servizo aquela que se estende ao longo dun mesmo día, de acordo a un horario establecido, independentemente que por razóns diversas poida extenderse á noite e utilizar horas do día seguinte.

Cada xornada de servizo de transporte poderá contemplar ata 4 viaxes de ida e catro viaxes de volta por día, de acordo aos horarios concretos que a Fundación estableza para cada xornada. Estas catro viaxes deberán permitir o transporte mínimo de 320 persoas en total con destino á illa en cada xornada, en grupos de ata 80 persoas por cada viaxe.

Número máximo de viaxes de ida con pasaxeiros (catro á xornada)

Número máximo de viaxes de volta con pasaxeiros (catro á xornada)

As 85 xornadas de transporte contratadas distribuiranse da seguinte forma:

- Entre 40 e 50 xornadas terán un horario de servizo entre as 10 horas (hora de saída do punto de orixe) e as 20 horas (hora de saída da viaxe de regreso ao punto de orixe),
- Entre 25 e 30 xornadas terán un horario de servizo de 10 h (saída de punto de orixe) a 18 h. (saída da viaxe de regreso a punto de orixe).
- Entre 10 e 15 xornadas terán un horario libre de servizo, cunha duración máxima do servizo de 10 horas, axeitándose o máximo posible ás características concretas das actividades previstas para estas xornadas, podéndose realizar durante a mañá, tarde e mesmo noite. No marco destas xornadas extras poderán solicitarse pola Fundación a prestación de transporte para realizar 4 viaxes de ida e volta para un mínimo de 80 persoas en cada viaxe entre alguna instalación portuaria do Concello de Vigo e a Illa de San Simón.

Ademais, e como ampliación dos servizos anteriores, estipulouse a posibilidade de dispor por parte da Fundación de 100 horas complementarias que con carácter extraordinario permitan ampliar os horarios das 85 xornadas de servizo previstas ou requirir algúnha xornada de servizo complementario, para visitas a outros peiraos da ría de Vigo.

O contratista permitirá, de acordo ás posibilidades da embarcación e o que dispón a normativa, que con carácter excepcional a Fundación aproveite o sistema de transporte ao recinto para o traslado de material vinculado coas súas actividades ou as actividades que se realizan na illa.



Calquera servizo que haxa de prestarse para este fin e que non veña acompañado de transporte de pasaxeiros considerarase a todos os efectos como unha viaxe propia do servizo da xornada.

A prestación do servizo de transporte realizarase de acordo coas seguintes condicións mínimas:

- A embarcación que se poña a disposición deste servizo de transporte deberá dispór de todos os medios que se lle requiren para a prestación do transporte contratado, de acordo coa normativa legal e o que se recolle neste prego, garantindo a navegabilidade, a seguridade, a protección do medio ambiente, a accesibilidade de persoas discapacitadas e a comodidade da pasaxe.
- O tipo de embarcación que preste o servizo deberá poder atracar e zarpar do peirao do Porto de Cesantes (Redondela), coa excepción dos momentos nos que as condicións de marea baixa poidan afectar momentáneamente ao calado. Se o periodo de tempo no que non se pode operar desde Redondela nas mareas baixas supera as tres horas, procederase a modificar momentáneamente o ritmo dos horarios de visita, para axeitar os tempos de atraque e desatraque ao problema momentáneo de calado ou se solicitará que os barcos partan desde San Adriaán de Cobres durante ese periodo de tempo ou toda a xornada.
- O barco deberá permitir o transporte da pasaxe con posibilidades de protección ante condicións de choiva ou vento ou condicións mariñas adversas.
- Ante situacións atmosféricas e do estado do mar realmente adversas, a empresa poderá suspender a prestación do servizo, en aras a garantir a seguridade das persoas, a tripulación e a embarcación.
- A empresa deberá poñer a disposición toda a documentación que acredita estar en situación legal para operar na ría de Vigo e estará a expensas de calquera inspección do contratante a efectos de comprobar en calquera momento a existencia na embarcación que preste servizos dos medios cos que a embarcación debe contar.
- A empresa debe garantir o funcionamento permanente de todos os servizos comúns cos que a embarcación conta (lucos, aseos, condicións dos asentos, limpeza do barco, etc.).
- O contratista debe igualmente garantir a existencia dos botiquíns necesarios para a atención de urxencias e accidentes a bordo, así como a execución de todas as medidas de prevención de riscos inherentes ás características da embarcación e o



proceso de transporte. O contratista deberá formar ou contar con persoas formadas en salvamento e socorrismo.

- A empresa deberá coñecer e estar disposta a participar, coa posta a disposición do barco, nos procedementos de saída de persoas accidentadas ou a evacuación da illa se fora necesario, durante as xornadas de servizo, así como na tarefa de permitir o acceso das forzas de seguridade ou medios de emerxencia ao recinto, de acordo ao procedemento que se estableza pola Fundación con carácter previo, entendéndose que estas situacións extraordinarias se encontran dentro dos servizos que a empresa se compromete a realizar a maiores das actividades propias das xornadas de servizo.
- Levarase a cabo por parte do contratista control sobre o sistema de acceso á embarcación para que esta se efectúe de acordo aos sistemas de embarque que para cada caso se establezan e se produza sen risco para a seguridade das persoas.
- A empresa efectuará control de entrada na embarcación, de acordo ás indicacións que lle proporcione a Fundación para dar acceso unicamente a aquelas persoas con permiso de entrada ao recinto, de acordo ás características de cada tipo de visita ou actividade.
- A embarcación deberá permitir o acceso de persoas en cadeira de rodas e o persoal da empresa haberá de facilitar o acceso e desembarque de persoas con cadeiras de rodas ou con mobilidade reducida.
- A empresa realizará labores de vixilancia e protección da pasaxe tanto no interior da embarcación como no acceso á mesma desde os peiraos de embarque e desembarque e velará polo cumprimento das normas por parte da pasaxe.
- Atenderase debidamente e con cortesía ás persoas transportadas, para tratar de resolverlles calquera necesidade que poidan ter a bordo. A tripulación deberá entender e poder expresarse correctamente coa pasaxe en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. Como lingua habitual, utilizarase o galego.
- Na tarefa de chegada e entrada de pasaxeiros á illa de San Simón deberase actuar coordinadamente e baixo as indicacións do persoal de seguridade do recinto a efectos de garantir unha recepción e acceso ordenado ao mesmo.
- O contratista permitirá e facilitará a colocación de carteis de información e promoción do patrocinador do transporte no barco por parte da Fundación, que se colocarán naqueles lugares que non perxudiquen o funcionamento da embarcación e



que deberán permanecer colocados durante todo o período de prestación do servizo. A embarcación non poderá conter ningún outro elemento de promoción de produtos, empresas ou organizacións, coa excepción do propio nome da embarcación ou da empresa contratista. De existir algún outro cartel deberá ser eliminado ou tapado, sempre que tapalo non afecte á estética e as posibilidades de uso da embarcación.

- O barco deberá contar para o servizo cun sistema de megafonía que permita a audición de música ou a transmisión á pasaxe de mensaxes informativas. O contratista permitirá o uso da megafonía por parte da Fundación ou dará lectura por parte do persoal da tripulación aos textos que se lle trasladen pola Fundación a efectos de proporcionar información aos visitantes. Estes aspectos poderán ser mellorados polos ofertantes.
- Poderanse colocar por parte da Fundación no barco materiais de información e promoción e poderase solicitar á tripulación a entrega de materiais deste carácter aos visitantes. Estes aspectos poderán ser mellorados polos ofertantes.
- A empresa contratista poñerá a disposición dos pasaxeiros follas de reclamación referidas ao servizo de transporte ofrecido. Todas as reclamacións deberán ser comunicadas pola empresa á Fundación para o seu coñecemento.
- O contratista informará á Fundación sobre calquera incidente que estea relacionado coas misións encomendadas, expoñendo a empresa contratada as medidas adoptadas en cada caso. Informarase igualmente de todos aqueles aspectos que poidan ter interese para unha mellor prestación do servizo.
- Se as condicións ambientais e de navegación así o aconsellan, por motivos de seguridade, o capitán ou patrón da embarcación poderá suspender, adiantar ou retrasar un atraque ou embarque, ou modificar momentaneamente a ruta da viaxe. Haberase de notificar e rexistrar esta incidencia.
- Haberase de facilitar sempre a devolución de todas as persoas ao lugar de partida. As viaxes sempre terán como lugar de chegada da viaxe de ida os peiraos de San Simón, sexa cal sexa o porto de procedencia ou o porto de destino da viaxe de regreso. Se por calquera circunstancia non fora posible o regreso da embarcación ao lugar de saída dos visitantes na viaxe de regreso desde a illa de San Simón, a empresa adjudicataria estará obrigada a organizar un sistema que permita con celeridade o trasbordo noutro porto da pasaxe a un medio de transporte por estrada



contratado especificamente para a devolución da pasaxe ao lugar orixinal de saída. Esta circunstancia deberá ser comunicada á Fundación e rexistrada como incidencia.

#### **4 MEDIOS NECESARIOS**

A empresa deberá garantir a disposición dos medios materiais, auxiliares e humanos precisos para a correcta prestación dos servizos, de acordo ás características especificadas neste prego e de acordo á lexislación e normativa de aplicación a este tipo de servizos.

A empresa adxudicataria presentará con anterioridade á data de comezo do servizo, relación nominal de cada un dos empregados, acompañando unha fotocopia (por ambas caras) do Documento Nacional de Identidade dos mesmos e as cualificacións profesionais de cada un.

O mero feito de que, en calquera momento, o servizo sexa prestado por persoa que non estea legalmente recoñecida como traballador membro da tripulación ou que non pertenza á plantilla da empresa adxudicataria, será causa de rescisión do contrato, sen prexuízo de esixir á empresa as responsabilidades legais pertinentes, consonte ao previsto nas Instrucións de contratación da Fundación. A tripulación prestará servizo con vestimenta adecuada e en perfecto estado de uso, debendose manter en todo momento un comportamento respectuoso entre a tripulación e cara a terceiros.

Para canto estea relacionado con títulos, nomeamentos, adestramentos específicos, permisos, baixas por enfermidade e absentismo laboral, ou calquera outro aspecto do ámbito sociolaboral dos traballadores, o persoal da tripulación estará sometido ás normas de organización do contratista. Os membros da tripulación do barco e outro persoal que o contratista encomende para calquera labor a este servizo prestarán o seu labor baixo a dirección e disciplina do contratista da organización na que estean integrados.

A empresa adxudicataria haberá de prever as necesidades operativas que se poden producir como consecuencia dunha avaría ou calquera outra circunstancia nos días de prestación do servizo, efectuando en tempo as debidas reparacións, garantindo o transporte das persoas transportadas no momento da avaría ou poñendo a disposición outra embarcación de semellantes características como substitución da avariada, que poida desenvolver de igual forma



todas as condicións do servizo contratado de acordo a este prego. Deberase resolver con inmediatez calquera avaría que se produza na embarcación que presta servizo ou calquera outra circunstancia que poida impedir a prestación do mesmo, co fin de evitar os danos e perxuizos que pode causar a suspensión da actividade. Neste caso a empresa deberá poñer coa máxima celeridade a disposición do servizo unha embarcación de substitución que poida realizar o mesmo servizo durrante o periodo que dure a avaría ou circunstancia que ten afectado á normal prestación do servizo.

Ante calquera circunstancia que poida afectar ao mantemento da prestación do servizo ao longo dunha xornada ou dun período de tempo determinado, a empresa deberá informar á Fundación coa máxima anticipación que sexa posible, para evitar na medida do posible danos e perxuizos evitables.

#### **4 OBRIGAS DA EMPRESA ADXUDICATARIA**

Para a prestación eficaz do servizo a empresa designará un responsable que supervise regulamentariamente o seu desenvolvemento e materialización, que será comunicado á Fundación. A empresa comunicarlle á Fundación un número de teléfono de contacto do devandito responsábel, que deberá estar atendido as 24 horas do día e contará coa adecuada dispoñibilidade horaria e coa presenza que demande e eficacia ou que requiran as situacións especiais que xurdan. Esta comunicación deberá realizala a empresa adxudicataria nos primeiros cinco días desde a adxudicación definitiva do contrato. O encargado realizará ademais as funcións de coordinación de roldas e canalización de información, incluída a comunicación de posibles substitucións. Toda substitución do persoal, sexa por enfermidade, vacacións ou outros motivos será comunicada á *Fundación* por escrito, de ser posible, cunha antelación mínima de tres días hábiles.

Presentaranse partes semanais do servizo no que se incluírán como mínimo a identificación do persoal, con expresión das referencias horarias e incidencias destacables para os efectos de poder levar un seguimento polo persoal responsable do mantemento do servizo.

O persoal preciso para a execución deste servizo dependerá exclusivamente do adxudicatario, quen terá tódolos dereitos e obrigas inherentes á súa condición de empregador, debendo cumprir este as disposicións en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo,



de acordo coa lexislación vixente que lle sexa de aplicación. En ningún caso existirá vínculo laboral entre o persoal que presta este servizo e a Fundación.

O órgano de contratación reservarase o dereito de solicitar da empresa, motivadamente, o cambio do persoal que execute o contrato, se a prestación do servizo non fose satisfactoria. A empresa resolverá o cambio previo trámite de audiencia.

Durante o periodo de execución do contrato, o contratista deberá dispor de todos os permisos precisos para poder operar desde as infraestructuras portuarias previstas neste prego.

## **5 RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA**

O contratista obrígase ao cumprimento estrito das súas obrigacións de materia fiscal, sendo da súa exclusiva conta tódolos tributos de carácter estatal, provincial e local que poidan esixírselle.

O contratista será responsable de cantos danos e prexuízos poidan irrogarse, tanto no recinto como a terceiros, con motivo e ocasión da execución dos Servizos de Transporte marítimo que se lle adxudica por contrato, salvo caso fortuíto ou de forza maior, e, en particular, deberá indemnizar a aquela/s persoa/s nos casos de accidente sufridos, deterioros, menoscabos ou avarías nas instalacións nas que operan e cando tales eventos se produzan por causas imputables ó persoal do contratista ou a este mesmo.

A empresa adxudicataria debe dispor e presentar, no momento da firma do contrato dunha póliza de seguros que cubra o risco de Responsabilidade Civil na que poida incurrir o contratista por calquera dano persoal ou material causados en pasaxeiros a consecuencia da actuación dos tripulantes no desempeño das funcións que se lles encomenden.

Este seguro protexerá contra calquera dano ou perda nas instalacións e propiedades, e que sexan consecuencia da actuación dolosa ou negligente do persoal do contratista seleccionado para o servizo de transporte expresado.

A Póliza de Seguros de Responsabilidade Civil será por unha contía mínima do orzamento de licitación do contrato.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE  
Secretaría Xeral



FUNDACIÓN ILLA DE SAN SIMÓN

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2007

O Secretario da Fundación Illa de San Simón

COÑECIDO E CONFORME O CONTRATISTA